

## As festas do Nadal

- 24 de decembro (Noiteboa) e 25 de decembro (Nadal):

É unha data especial porque te reúnes coa familia. Coma todos os anos, imos ir a casa do avó e da avoa. De cear temos primeiro **vieiras** e logo **bacallao con colifor**. De sobremesa sempre hai moitos **turróns**, **mazapáns** e **champaña** para os maiores.

Todos os anos a miña avoa segue unha tradición e hoxe vouna axudar. Vai queimar no lume un **tizón de Nadal**, que é un tronco de **carballo** moi grande que hai que queimar un pouquiño, pero non de todo, porque ten que durar todo o ano. Pola mañá imos coller a **cinza** e a miña avoa vaina botar no campo. Di que así axuda as plantas a medrar.

Ademais, esta noite do 24 vén **Papá Noel** con moitos **agasallos**. Sempre os deixa preto da **árbore** que poñemos con **adornos** no salón.

- 28 de decembro: Santos Inocentes

Na casa contáronme que o 28 de decembro é unha data para facer **trasnadas**. Os **bromistas** cambian as cousas de sitio, coma os testos con xeranios que ten a miña avoa na porta ou os felpudo de entrada das casas. Os xornais e os telediarios tamén adoitan dar **novas falsas**.

O avó contoume que antes nese día celebrábase o **bispiño**. Collíase un rapaz, vestíase como un bispo e púñase a **dar misa** e a dirixir o coro na igrexa. Eu o que fago neste día é recortar un **boneco de papel** e pegarlló nas **costas** aos meus compañeiros de clase.

- 31 de decembro: San Silvestre//Noitevella ou fin de ano

Pola tarde imos ir á **carreira** de San Silvestre que se celebra na nosa cidade. O que máis me gusta é que podes ir **disfrazado** e non importa se chegas de último porque é unha carreira **solidaria**.

Pola noite, reunímonos todos nunha gran cea con moito **marisco**. O meu favorito son os **langostinos** con maionesa. E despois, á **medianoite**, tomamos as **uvas** ao son das **campás**. É moi difícil tomalas todas. Nesta noite mamá sempre procura que leve algo **vermello**.

- 5 e 6 de xaneiro: Noite e Día de Reis

A véspera do Día de Reis imos á **cabalgata**. Hai moitos nenos, **carrozas** e tamén **camelos**. Podes coller **caramelos** para todo o ano. Logo, mamá merca o **roscón** de Reis nunha panadería que está en fronte da nosa casa. Dentro do pastel podes atopar un **feixón** ou un agasallo. O que atopa o **feixón** ten que pagar o roscón, así que cómpre ter coidado. Logo movo as **figuriñas** dos Rei no **nacemento** e vou para cama con moita ilusión de que cheguen os Reis. Cando a esperto a mañá do 6, todo está cheo de **regalos**. É un dos mellores días do ano.

## Exercicios sobre as festas de Nadal

1. En que mes se celebra o Nadal?
2. En que estación estamos no Nadal?
3. Responde verdadeiro ou falso e corrixe:
  - Polo Nadal vai moita calor.
  - As filloas son doces típicos do Nadal.
  - A árbore típica do Nadal é o fento.
  - Os Reis Magos dan agasallos o vinte e cinco de decembro.
4. Cando é o día dos Inocentes?
5. Cando se celebra a cabalgata de Reis? Que mercan ese día?
6. Que comidas menciona a protagonista dos textos?
7. Sempre é bo escribir unha carta aos Reis Magos para pedirles o que queiras con antelación.  
Continúa esta carta:  
*Queridos Reis Magos: Chámome..., vivo en..... e teño.....anos. Este ano quero pedirvos...*
8. Despois de ler os textos, responde: como celebras ti o Nadal? Escribe un texto cos teus compañeiros.